



**CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN**

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 14 DE SETEMBRO DE 2016

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:30 horas do día 14 de setembro de 2016, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o día 13 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidentes: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Vocais:

D^a. Susana García Álvarez

D^a. Catalina Alfayate Rodríguez

D. Manuel Xosé Lorenzo Penela

D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 2b, 2c, 4b, 5a, 6a, 7a e 8b)

D. Jesús Núñez Torrón (asiste aos puntos 2a e 3a)

D. Gilberto Moldes Crespo (asiste aos puntos 4a e 7c)

D^a. Belén Álvarez Soaje (asiste aos puntos 7b e 8a)

D. Fernando Vilaboa Pérez (asiste aos puntos 7b e 8a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

1.- Aprobación de actas

A secretaria pon en coñecemento dos membros da Mesa que a acta da sesión do 31 de agosto de 2016, que xa estaba aprobada, contén un erro no punto 2b (apertura de documentación administrativa do procedemento aberto para a contratación da subministración de bancos - 8857-446) ao non terse incluído entre as empresas admitidas a GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, S.L. A Mesa aproba a acta coa corrección indicada.

a) Acta da sesión do 19 de agosto de 2016

Apróbase, con correccións, a acta da Mesa de Contratación do 19 de agosto de 2016 cos votos a favor de D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela e D^a. Catalina Alfayate Rodríguez.

b) Acta da sesión do 24 de agosto de 2016



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 17:16	Páxina 1 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AA41-51DBA2-4F58D8-5BFN4D-ANTKYH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Apróbase, con correccións, a acta da Mesa de Contratación do 24 de agosto de 2016 cos votos a favor de D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela e D^a. Catalina Alfayate Rodríguez.

c) Acta da sesión do 7 de setembro de 2016

Non se aproba a acta do 7 de setembro de 2016 por falta de quórum. No entanto, propónse pola Mesa a realización de correccións.

2.- Apertura da documentación administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (121.736-301) (emenda da documentación)

Con data do 7 de setembro de 2016 requiríuse a emenda da documentación persoal ás seguintes empresas e polos seguintes motivos:

- a) FUNDACION PARA EL ESTUDIO Y LA PROMOCION DE LA ACCION SOCIAL (solvenza económica e financeira e técnica e profesional insuficiente).
- b) OHL SERVICIOS INGESAN, SA (a. Deberá declarar que empresas pertencen ao seu grupo ou ben declarar que ningunha delas concorre a esta licitación; b. Aclarar a discrepancia entre a empresa que licita e aquelas que constan nos certificados acreditativos da solvenza técnica e profesional; c. Terá que detallar, para os efectos de comprobar a solvenza técnica, o importe de cada un dos contratos que relaciona por anualidades, segundo o modelo do Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares)
- c) CLECE, SA (deberá incluír unha breve descrición do obxecto dos contratos que relaciona na súa declaración para acreditar a solvenza técnica, segundo o modelo do Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares, así como declarar que empresas pertencen ao seu grupo ou ben declarar que ningunha delas concorre a esta licitación).

Durante o prazo concedido achegaron documentación as empresas OHL SERVICIOS INGESAN, S.A. e CLECE, SA. Tras a cualificación pola Mesa de Contratación, esta acorda, por unanimidade:

- 1. Admitir neste procedemento ás empresas SERVICIOS INGESAN, SA e CLECE, SA por ter emendado a documentación persoal conforme ao esixido na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe este procedemento.
- 2. Excluír a FUNDACION PARA EL ESTUDIO Y LA PROMOCION DE LA ACCION SOCIAL do procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (121.736-301) por non ter declarado a solvenza económica e financeira e técnica e profesional suficiente esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares e no apartado 8 das follas de especificacións do contrato do referido prego.

Se ben durante o prazo concedido para a presentación de ofertas a empresa presentou a declaración responsable (Anexo II do prego), a solvenza declarada nela resultou insuficiente. Por este motivo, requiríuselle o 7 de setembro de 2016 a emenda da anterior documentación, non téndose presentado no prazo concedido.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de céspede artificial no campo de fútbol Monte da Mina - Castrelos (15121-333)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 17:16	Páxina 2 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AA41-51DBA2-4F58D8-5BFN4D-ANTKYH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Abriuse o sobre A “Documentación persoal” dos licitadores presentados.

Á vista do anterior e tras a cualificación da documentación persoal dos licitadores presentados nesta licitación, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión acorda:

- a) Admitir inicialmente neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, agás que nun momento posterior do procedemento, tras serlle requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse a este procedemento, de non reunilos se lles exclúa:

Licitadores admitidos
SPORT EQUIPALIA, SL
GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, SL
MECANO SPORT, SL
NATURF DEVELOP, SL
MONDO IBERICA, SA
OZIONA, SOLUCIONES DE ENTRENAMIENTO, SL

- b) Outorgar un prazo de tres días hábiles aos seguintes licitadores para que emenden a documentación presentada polos motivos que se relacionan a continuación:

Licitador	Motivo
REALTURF SYSTEMS, SL	Falta a solvencia económica e financeira e técnica e profesional (declaran posuír clasificación que nin se esixe nin se establece como alternativa para acreditar a solvencia)
LIMONTA SPORT IBERICA, SL	Falta o obxecto social
CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	Falta a solvencia económica e financeira e técnica e profesional
PLAINTEC OBRAS Y SERVICIOS, SL	Falta a solvencia económica e financeira e técnica e profesional (declaran posuír clasificación que nin se esixe nin se establece como alternativa para acreditar a solvencia)
CONSTRUCTORA EDISERPO, SL	Falta o obxecto social



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 17:16	Páxina 3 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AA41-51DBA2-4F58D8-5BFN4D-ANTKYH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Falta solvencia técnica e profesional (declara solvencia técnica suficiente pola contía pero non incluída nas anualidades a ter en conta segundo o prego de cláusulas administrativas particulares (“nalgún dos últimos dez anos”) pois se refire a contratos executados en 2016
NAROM, S L	Solvencia técnica e profesional insuficiente (declaran un só contrato relacionado co obxecto do contrato)
HORDESCON, S L	Falta solvencia técnica e profesional
DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, SL	Falta a solvencia económica e financeira e técnica e profesional
PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA	Solvencia técnica e profesional insuficiente (os contratos que declara para acreditar esta solvencia non están todos relacionados co obxecto do contrato e os que si gardan relación son insuficientes)

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación do céspede artificial no campo de fútbol de Comesaña (15119-333)

Abriuse o sobre A “Documentación persoal” dos licitadores presentados.

Á vista do anterior e tras a cualificación da documentación persoal dos licitadores presentados nesta licitación, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión acorda:

- a) Admitir inicialmente neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, agás que nun momento posterior do procedemento, tras serlle requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse a este procedemento, de non reunilos se lles exclúa:

Licitadores admitidos
SPORT EQUIPALIA, SL
GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, SL
MECANO SPORT, SL
MONDO IBERICA, SA

- b) Outorgar un prazo de tres días hábiles aos seguintes licitadores para que emenden a documentación presentada polos motivos que se relacionan a continuación:

Licitador	Motivo
REALTURF SYSTEMS, SL	Falta a solvencia económica e financeira e técnica e profesional (declaran posuír clasificación que nin se esixe nin se establece como alternativa para acreditar a solvencia)
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU	Solvencia técnica e profesional





CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

	insuficiente*
LIMONTA SPORT IBERICA, SL	Falta o obxecto social
PLAINTEC OBRAS Y SERVICIOS, SL	Falta a solvencia económica e financeira e técnica e profesional (declaran posuír clasificación que nin se esixe nin se establece como alternativa para acreditar a solvencia)
CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	Falta a solvencia económica e financeira e técnica e profesional
CONSTRUCTORA EDISERPO, SL	Falta o obxecto social Falta solvencia técnica e profesional (declara solvencia técnica suficiente pola contía pero non incluída nas anualidades a ter en conta segundo o prego de cláusulas administrativas particulares (“nalgún dos últimos dez anos”) pois se refire a contratos executados en 2016
OZIONA, SOLUCIONES DE ENTRENAMIENTO, SL	Solvencia técnica e profesional insuficiente
ELSAMEX, SA	Solvencia técnica e profesional insuficiente
NAROM, S L	Solvencia técnica e profesional insuficiente (declaran un só contrato relacionado co obxecto do contrato)
PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S A	Solvencia técnica e profesional insuficiente (os contratos que declara para acreditar esta solvencia non están todos relacionados co obxecto do contrato e os que si gardan relación son insuficientes)
DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, SL	Falta a solvencia económica e financeira e técnica e profesional
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, SL	Falta solvencia técnica e profesional

* Estando presente nesta sesión o xefe da Área de Investimentos fai constar que o contrato que declara a empresa para acreditar a solvencia técnica “Campo de fútbol da Etea” (única obra das que declara que garda relación co obxecto do contrato que se licita) foi executada en UTE con PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA, polo que a solvencia técnica resultaría insuficiente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 17:16	Páxina 5 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AA41-51DBA2-4F58D8-5BFN4D-ANTKYH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

d) Procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario da nova aula da UNED en Vigo (19862-240)

A secretaria pon en coñecemento dos membros da Mesa que o único licitador que presentou a súa proposición neste procedemento, EKIPO SOCIEDAD SUMINISTRADORA DE MOBILIARIO, SL, entregou as mostras esixidas no prego de cláusulas administrativas que rexe nesta contratación, amosando copia do albarán nº OFIC10/1415 do 8 de setembro de 2016 facilitado polo servizo xestor deste expediente.

A continuación, a secretaria abre o sobre A “Documentación persoal” do único licitador presentado. Tras a súa cualificación pola Mesa, esta acorda, por unanimidade dos membros presentes, admitir inicialmente neste procedemento a EKIPO SOCIEDAD SUMINISTRADORA DE MOBILIARIO, SL por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, agás que nun momento posterior do procedemento, tras serlle requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse a este procedemento, de non reunilos se lle exclúa.

3.- Apertura da documentación técnica**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (121.736-301)**

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” das ofertas presentadas e admitidas. Asiste á apertura D^a. Noemí Pérez Lozano (DNI 36.162.289-X), en representación de CLECE, SA.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario da nova aula da UNED en Vigo (19862-240)

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” da única oferta presentada. Non comparece ningún licitador.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

4. Apertura económica**a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de bancos (8857-446)**

En acto público abriuse o sobre C “OFERTA ECONÓMICA” das ofertas presentadas e admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	Maior baixa proporcional a aplicar aos prezos unitarios consignados no PPT
PARQUES Y JARDINES FABREGAS, SAU	37,00%
BENITO URBAN, SLU	20,00%
NOVATILU, SLU	12,28%
GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, SLU	28,10%
CALFENSA PROYECTOS, SL	9,72%





CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, SL	16,99%
--------------------------------------	--------

Non asiste ningún licitador.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de céspede artificial no campo de fútbol Monte da Mina - Castrelos (15121-333)

Non se procede á apertura porque se acordou no punto 2b requirir a emenda da documentación persoal a varias das empresas licitadoras.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación do céspede artificial no campo de fútbol de Comesaña (15119-333)

Non se procede á apertura porque se acordou no punto 2c requirir a emenda da documentación persoal a varias das empresas licitadoras.

5.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de medallas e trofeos (14972-333) (informe Sobre B)

Faise entrega do informe asinado polo xefe da Área de Investimentos de data 8 de setembro de 2016 sobre os criterios avaliábeis mediante xuízo de valor. Atopándose presente nesta sesión o xefe da Área de Investimentos explica o contido do referido informe aos membros da Mesa e comunícalles que a redacción definitiva do prego de cláusulas administrativas particulares non inclúe no apartado 7B das follas de especificacións técnicas (FEC) "Contido sobre C. Modelo de proposición" o apartado necesario para propoñer a "redución dos prazos máximos de entrega", criterio de adxudicación avaliábel a través de fórmula que si recolle o prego no apartado 9B.2 das FEC.

A ausencia dese apartado puido inducir aos licitadores a incluír nas súas proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor (sobre B) datos correspondentes aos criterios avaliábeis mediante fórmula que deben formar parte do sobre C. O xefe da Área de Investimentos indica que no seu informe se limitou a valorar unicamente os criterios avaliábeis mediante xuízo de valor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 17:16	Páxina 7 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AA41-51DBA2-4F58D8-5BFN4D-ANTKYH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Ferreiros. Fase II (3893-440) (informe Sobre B)

Faise entrega do informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos de data 8 de setembro de 2016 sobre os criterios avaliábeis mediante xuízo de valor. Nel faise constar que a empresa NEXIA INFRAESTRUCTURAS inclúe na memoria construtiva presentada información das melloras ofertadas, sendo este un criterio avaliábel mediante fórmula, segundo o apartado 9B das FEC. En consecuencia, non se valora a proposición presentada por esta empresa *“por incluír no sobre B información dos criterios que se valoran mediante fórmula e que deben ser aportados dentro do sobre C aperturados con posterioridade á valoración da documentación recollida no sobre B”*.

6.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de medallas e trofeos (14972-333) (informe Sobre B)

A Mesa acepta o informe asinado polo xefe da Área de Investimentos de data 8 de setembro de 2016 sobre os criterios avaliábeis mediante xuízo de valor e, por unanimidade dos seus membros e tendo en conta as características deste contrato (obxecto e prezo) e que todos os licitadores incorreron no mesmo erro (incluír no sobre B información que debe formar parte do sobre C), acorda:

1º. Notificar a cada un dos licitadores que concorreron a esta licitación un novo modelo de proposición avaliábel mediante fórmula no que se inclúa un apartado para propoñer a *“redución dos prazos máximos de entrega”*, criterio de adxudicación avaliábel a través de fórmula previsto no prego no apartado 9B.2 das FEC.

2º. Conceder un prazo de dez (10) días aos referidos licitadores para que poidan presentar un novo sobre C. Neste sobre os licitadores incluírán as súas propostas relativas aos criterios avaliábeis mediante fórmula, podendo apartarse das propostas xa presentadas. Lembrar que a redución dos prazos máximos de entrega será expresado en días enteiros.

3º. Non publicar o informe asinado polo xefe da Área de Investimentos de data 8 de setembro de 2016 sobre os criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, mentres non remate o prazo de presentación do novo sobre C.

Este acordo adóptase previa consideración de que o erro no que incorreron todos os licitadores puido ser inducido pola redacción do prego de cláusulas administrativas particulares e co obxecto de que non se vexan afectados os principios de igualdade de trato e de concorrencia, así como os intereses municipais.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Ferreiros. Fase II (3893-440) (informe Sobre B)

A Mesa acepta o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos de data 8 de setembro de 2016 sobre os criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, e acorda a exclusión da empresa NEXIA INFRAESTRUCTURAS por incorporar no sobre B documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 8B das FEC, tal como sinala a cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares. Segundo o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos de data 8 de setembro de 2016 a empresa inclúe na memoria construtiva presentada información das melloras ofertadas, sendo este un criterio avaliábel mediante fórmula, segundo o apartado 9B das FEC.

7.- Incidencias



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 17:16	Páxina 8 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AA41-51DBA2-4F58D8-5BFN4D-ANTKYH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Doutor Corbal (3892-440)

A secretaria pon en coñecemento dos membros da Mesa que o Servizo de Administración Electrónica conseguiu abrir e imprimir o arquivo do CD presentado pola empresa OGMIOS PROYECTO, SL que non se puido abrir na sesión da Mesa do día 7 de setembro. Así mesmo, informa que o Servizo de Contratación solicitou informe sobre esta incidencia ao Servizo de Administración Electrónica, así como unha copia do CD, pois a empresa só presentou un exemplar.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e conservación das zonas de interese patrimonial do Concello de Vigo (7889-307)

A secretaria pon en coñecemento da Mesa de Contratación o escrito presentado pola empresa VIVEIROS ADOA, SL (registro de entrada número 160119702 do 9 de setembro de 2016) no que solicita *“que sexan revisadas as propostas e que en todo caso sexa enviada a Viveiros Adoa o envío das valoracións, orzamentos, etc”*. Unha vez examinado e estudado polos membros da Mesa, esta acorda solicitar informe do servizo xestor do expediente para que comprobe a coherencia entre as proposicións económicas e o orzamento detallado (obrigatorio nesta licitación) que presentaron o resto das empresas clasificadas neste procedemento á vista do escrito presentado por VIVEIROS ADOA, SL, co obxecto de comprobar se cos prezos ofertados é posible a prestación do servizo.

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento, conservación e reposición do Parque do Castro (8492-446)

O xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns presenta na Mesa unha solicitude asinada o 16 de setembro de 2016 sobre ampliación do prazo concedido para a emisión do informe sobre as proposicións económicas e manifesta o seu compromiso de presentalo no prazo de dous días. A Mesa de Contratación acepta, por unanimidade, a referida solicitude.

8.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e conservación das zonas de interese patrimonial do Concello de Vigo (7889-307)

Non se trata este asunto á espera do informe requirido pola Mesa de Contratación ao servizo xestor no punto 7b da orde do día desta sesión.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 17:16	Páxina 9 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AA41-51DBA2-4F58D8-5BFN4D-ANTKYH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto das obras de mantemento e reparación dos campos de fútbol municipais de Comesaña e Meixoeiro (2 lotes) (14667-333) - lote 2

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de mantemento e reparación dos campos de fútbol municipais de Comesaña e Meixoeiro (2 lotes) (14667-333).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 22 de xullo de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir do procedemento aberto para a contratación das obras de mantemento e reparación dos campos de fútbol municipais de Comesaña e Meixoeiro (2 lotes) (expediente 14.667-333), por ter presentado ofertas con valores anormais ou desproporcionados, aos seguintes licitadores:

Lote 1:

- *INNTIS INGENIEROS CONSTRUCTORES SL*
- *CANALIS SOLUCIONES TECNOLOGICAS SL*
- *NAROM, SL*

Lote 2:

- *ORESAS, SL*
- *INNTIS INGENIEROS CONSTRUCTORES SL*
- *CANALIS SOLUCIONES TECNOLÓGICAS SL*
- *CONSTRUCCIONES FECHI SLU*
- *COPCISA SA*

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:

LOTE Nº 1: “Reparación e mantemento no campo de fútbol de Comesaña”:

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
1	<i>CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.</i>	<i>95,96</i>
2	<i>COPCISA, S.A.</i>	<i>93,00</i>
3	<i>ACEVI, S.L.</i>	<i>87,10</i>
4	<i>MONTAJES IGLESIAS, S.L.</i>	<i>85,99</i>
5	<i>DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.</i>	<i>85,55</i>
6	<i>CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.</i>	<i>84,78</i>



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 17:16	Páxina 10 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AA41-51DBA2-4F58D8-5BFN4D-ANTKYH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

7	ORECO SA	81,22
8	CONSTRUCCIONES LEMOS MARTINEZ S L	80,15
9	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.	75,50
10	CIVIS GLOBAL	60,84

LOTE Nº 2: "Reparación e mantemento no campo de fútbol do Meixoeiro":

	Empresas	Puntuación
1	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	95,17
2	CIVIS GLOBAL	94,61
3	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	94,00
4	ACEVI, S.L.	93,67
5	NAROM, S.L.	92,36
6	MONTAJES IGLESIAS, S.L.	92,21
7	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.	90,76
8	CONSTRUCCIONES LEMOS MARTINEZ S L	83,51
9	ORECO SA	82,31
10	MECANO SPORT S L	69,03

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U. (lote 1) e DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. (lote 2), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir aos citados licitadores o aboamento de 739,22 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".

Segundo.- Este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U. (lote 1) e DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. (lote 2) o día 25 de agosto de 2016, que presentan a documentación requirida o 1 de setembro e o 31 de agosto de 2016, respectivamente, dentro do prazo sinalado.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 17:16	Páxina 11 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AA41-51DBA2-4F58D8-5BFN4D-ANTKYH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- A Mesa de contratación na sesión do 7 de setembro de 2016 revisou a documentación presentada, non sendo correcta a presentada por DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. (lote 2), polo que acordou requirirle nova documentación na que aclarase o obxecto da póliza do seguro de responsabilidade civil, importe e prazo de vixencia e achegase recibo de pagamento do seguro. Dentro do prazo concedido, o 13 de setembro de 2016, a empresa DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. presentou a documentación requirida, sendo esta correcta, polo que a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do lote 2.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar no lote 2, DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. (lote 2), de acordo cos informes de valoración da oferta técnica e económica do 22 de xuño e 13 de xullo de 2016, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras do Lote 2. “Reparación e mantemento no campo de fútbol de Meixoeiro” coas seguintes condicións:

- *O prezo total do contrato é de 43.681,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.581,00 euros.*
- *O prazo de garantía increméntase en 96 meses.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 17:16	Páxina 12 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AA41-51DBA2-4F58D8-5BFN4D-ANTKYH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATAÇÃO

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 13:50, logo dun receso entre as 10:55 e as 12:10 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

V.e Pr.

O presidente da Mesa

A secretaria

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

D^a. Ángela Fernández López



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 17:16	Páxina 13 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1AA41-51DBA2-4F58D8-5BFN4D-ANTKYH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		